

Nepotismo en BS

substantivo masculino, do latín "nepos" (neto)

"Excesiva preferencia que algúns dan aos seus familiares ou amigos por concesións ou por cargos".

Asistimos con perplexidade ante a máis que descarada mostra do trato preferente que a alta dirección de BS concede ao sindicato CCOO. Mentres a Dirección de RRLL respondeu formalmente por escrito ás demandas do Sindicato, convocándonos a un chamamento para atender as urxentes demandas que a **MAIORÍA da representación dos traballadores** ven reclamando insistentemente, hai quen utiliza unha alternativa menos ortodoxa para abordar cuestións de extrema seriedade e gravidade....



Insistimos na robustez da nosa **UNIÓN**, constituída para o ben do conxunto do persoal laboral, e que poñerá de manifesto a insuficiencia "doutros xeitos de facer e de desfacer".

A empresa é consciente das nosas intencións, e consciente da necesidade de abordalas de forma inminente. En caso contrario, verémonos obrigados a empregar outras medidas de presión, xa que **a saúde física e mental dos nosos compañeiros é a nosa única prioridade**.



Medidas máis urxentes plantexadas pola UNIDADE DE ACCIÓN SINDICAL:

- ★ Contratación de persoal formado co que cubrir os períodos vacacionais.
- ★ Redución da carga de traballo e da presión comercial, mediante:
 - a. Eliminación da cuantificación de informes.
 - b. As oficinas abren ás 8:30 h.
 - c. 50% de desconto nos obxectivos de Valora.
 - d. Rehabilitación de oficinas cun mínimo de 3 persoas.
- ★ Plan de actuación urxente para frear calquera situación de acoso e ameazas por parte dos clientes.
- ★ Ampliación do 50%-50% no teletraballo mentres se chegue a un acordo na materia.
- ★ Aprobación da paga extra simbólica como compensación dos esforzos na pandemia.
- ★ Activación e funcionamento efectivo das Ofertas Internas.